



Mohsen Emadi –iraniano do 76– é poeta, tradutor, programador e cineasta. Tras o golpe de Estado da milicia persa deixou o Irán en 2009, e como exiliado político viviu en varios países de Europa. Hoxe reside en México, entre o D.F. e Malinalco, doutorándose sobre poesía dixital na UNAM e colaborando en varios proxectos culturais para a Universidade do Estado de México.

Prohibido no seu propio país, este poeta en lingua persi só puido publicar en Irán *No hablamos de sus ojos*, en 2007. O resto de títulos viron a luz en edicións bilingües ou en tradución ao castelán en España, caso de *La flor en los renglones* (2003), *Las leyes de la gravedad* (2011) e *Visible como el aire, legible como la muerte* (2012).

En 2007 fundou na rede un proxecto revelador e crucial para a comunidade lectora iraniana: a Antoloxía Persa de Poesía Mundial, onde –como redactor en xefe– dá a coñecer en tradución ao persi autores de todo o mundo. Tamén ten editado traducións de poetas da talla de Vladimir Holan, Nichita Stanesco, Antonio Gamoneda, Juan Gelman, César Vallejo, Alejandra Pizarnik, Luis Cernuda, Clara Janés ou Walt Whitman entre outros. Do mesmo xeito, a súa propia poesía ten sido traducida a unha decena de idiomas. Na súa faceta de cineasta, os seus documentais poéticos sobre o exilio de Luis Cernuda ou sobre a poesía de Gamoneda foron proxectados en México, España ou Portugal. Entre os seus galardóns e bolsas internacionais como poeta ou tradutor constan o Premio Poesía de Miedo, a Bolsa FILI, a bolsa Antonio Machado, a Bolsa ICORN da Rede internacional de cidades para escritores refuxiados (2012-2015) e a VI Distinción “Poetas de outros mundos”.

YAMSA, TRIBUTO Á AUSENCIA (IV)

Á memoria de Farzad Kamangar

*Sentado aquí
en Yamsa
no río e no canto
no eco e na sombra
bágoa
e infinito respirar
nunha barca que me leva de novo
a ti e a min Palestina
a min e ó teu Kurdistan
o arsénico arde azul
o chumbo, verde
arsénico e chumbo
veleno e bala arden en nós
e botámonos de menos
ambos estamos en débeda coa ausencia*

*Está chuvioso
o atraso do tren
na última estación
cun paraugas azul
busco unha muller
de paraugas vermello
e ollos verdes*



(MOHSEN EMADI)

Luns **30** de maio
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Luz Pichel





Luz Pichel naceu en 1947 na aldea lalinense de Alén. Estudou Filoloxía Románica en Santiago de Compostela, e no ano 1970 trasladouse a rematar estudos en Madrid. Dende entón, e convertida en catedrática de Lingua e Literatura Española, alterna a súa residencia na capital de España con curtas estadias de acougo no seu lugar de orixe no Deza.

Durante os seus primeiros anos en Madrid céntrase no seu traballo docente en varios institutos de secundaria. Mais entre o 2002 e o 2009 compaxina este labor coa dirección, xunto a Guadalupe Grande, do Centro de Estudos da Poesía da Universidade Popular José Hierro de San Sebastián de los Reyes. Contribúe con poemas en varias revistas literarias, antoloxías e volumes colectivos.

Poeta en galego e castelán, ademais dunha singular e afouta entrega publicada en castrapo, Pichel comezou a súa carreira poética grazas ao I Premio Ciudad de Santa Cruz de la Palma co poemario *El pájaro mudo* (1990). Máis dunha década tardaría en aparecer *La marca de los potros* (2004), da man do XXIV Premio hispanoamericano de poesía Juan Ramón Jiménez. Inaugurando a súa obra galega, *Casa Pechada* (2006) resulta gañador do XXVI Premio Esquíu de poesía. En 2004 sae *El pájaro mudo y otros poemas*, reedición do seu primeiro libro co engadido de *Ángulo de la niebla*, *Cartas de la mujer insomne* e mais *Hablo con quien quiero*. En 2013 publica *cativa en su lughar* –que introduce unha persoal reescrita de *casa pechada* nunha lingua de fronteira e de contacto entre galego e castelán– e en 2015 sae *tra(n)shumancias*, o seu último título ata a data.

*dentro da fraga dormen
os bichos
debaixo das pedras dormen os bichos
na póla do carballo dormen os bichos
sobre da grada do galiñeiro dormen os bichos
en xergóns de follas de mazaroca dormen os bichos choran
piden leite.*

*pronto se abrirá a veda
sairán os cazadores con moitos cans.*



(LUZ PICHEL)

Luns **30** de maio
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Mohsen Emadi

